



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Adm. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

XORNADA DE EDUCACIÓN SEXUAL E AFECTIVA NO ÁMBITO DA DISCAPACIDADE

A Fundación María José Jove en colaboración coa Asociación Síndrome de Down da Coruña organiza unha xornada sobre a sexualidade e a afectividade nos nenos/as e adolescentes con discapacidade den-

de unha perspectiva integradora e normalizadora. Esta xornada terá lugar na sede da Fundación María José Jove (C/ Galileo Galilei, 4ª- Edificio WorkCenter-A Grela) o sábado 2 de xuño do 2007. O prazo

para comunicar asistencia é do 21 de maio ao 1 de xuño.

[Máis información](#)

[Down Coruña](#)

AULAS DA NATUREZA NO ANO 2007

No [DOG nº 92](#) do luns 14 de maio de 2007 sae publicada a Resolución do 2 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai pública a proposta de selección do alumna-

do desta comunidade autónoma que participarán na actividade de Aulas da Natureza no devandito ano.



FORMACIÓN DO PROFESORADO

No [BOE nº 115](#) do luns 14 de maio sae publicada a Orde ECI/1300/2007, do 8 de maio, pola que se convocan cursos de verán para formación permanente do profesorado non universitario en colaboración con

diversas entidades públicas no exercicio 2007. Son destinatarios destes cursos os docentes que, no presente curso escolar, estean prestando servizo en centros sostidos con fondos públicos en niveis educati-

vos non universitarios. O número de prazas ofertadas é de 1.840

VACANTES NO CONCURSO DE TRASLADOS DE PRIMARIA

No [DOG nº 92](#) do luns 14 de maio de 2007 publicouse a Resolución do 4 de maio de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria, pola que se anuncian os postos de traballo vacantes que serán obxecto de provisión no concurso de traslados entre funcionarios do corpo de

mestres, convocado pola Orde do 20 de outubro de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 31 de outubro).

Contido:

Bolsas de colaboración en departamentos	2
Bolsas de residencias para universitarios	2
Acceso para persoal laboral fixo	2
Plan de mellora de bibliotecas escolares	2
Trienios persoal interino e profesorado de relixión	2
Prazas en residencias para estudos non universitarios postobrigatorios	2
Gratuidade dos libros de texto	3
Estadías no estranxeiro	3
Segunda convocatoria do programa Acércate	3

BOLSAS DE COLABORACIÓN EN DEPARTAMENTOS

**Portal Galego de
Contidos Educativos**
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



No [DOG nº 93](#) do martes 15 de maio publicouse a Orde do 9 de maio de 2007 pola que se convocan bolsas de colaboración en departa-

mentos das universidades do sistema universitario de Galicia destinadas ao alumnado de excelencia académica para o curso acadé-

mico 2007-2008.

BOLSAS DE RESIDENCIA PARA UNIVERSITARIOS

No [DOG nº 93](#) do martes 15 de maio sae publicada a orde do 27 de abril de 2007 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de bolsas de residencia para a realización de

estudios universitarios de 1º e 2º ciclo no curso 2007-2008 en centros do sistema universitario de Galicia, destinadas aos galegos e galegas e aos seus descendentes que teñan a súa

residencia familiar en territorio español fóra da comunidade autónoma de Galicia.

ACCESO PARA PERSOAL LABORAL FIXO

No [DOG nº 93](#) do martes 15 de maio sae publicada a Orde do 4 de maio pola que se convocan procedementos selectivos de acceso

aos corpos de mestres, profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional do persoal laboral fixo a que fai

referencia a disposición transitoria quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



O MONTE E O DESENVOLVIMENTO SOSTIBLE
Unha das accións principais do Plan piloto 2007

PROXECTO DE ANÁLISE	OPORTUNIDADES
OPORTUNIDADES	TRÁXEGOS E DESAFIAMENTOS EDUCATIVOS
CAMPUS DE DESENVOLVIMENTO	DESAFÍO FORTALECIDA

Programa piloto 2007

PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

No [DOG nº 94](#) do mércores 16 de maio sae publicada a orde do 7 de maio de 2007 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios

de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2007/2008. Seleccionaranse 60 novos centros nesta convocatoria

para o vindeiro curso escolar.

TRIENIOS AO PERSOAL INTERINO E PROFESORADO DE RELIXIÓN

No [DOG nº 95](#) do venres 18 de maio sae publicada a Orde do 11 de maio de 2007 pola que se ditan normas relativas ao recoñe-

cemento de trienios ao persoal funcionario interino docente e ao profesorado de relixión ao servizo da

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas



PRAZAS EN RESIDENCIAS PARA ESTUDOS NON UNIVERSITARIOS POSTOBRIGATORIOS

No [DOG nº 95](#) do venres 18 de maio de 2007 publicouse a Orde do 9 de abril de 2007 pola que se convocan prazas de residencia nos

centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para cursar estudos e ensinanzas postobrigatorias non universitarias e de réxi-

me especial no próximo ano académico 2007-2008.

GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO

Sextos Encontros de Educación Infantil



No [DOG nº 96](#) do luns 21 de maio sae publicada a orde do 11 de maio de 2007 pola que se convoca e regula o programa de

gratuidade de libros de texto e materiais curriculares en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuí-

tos para o curso escolar 2007/ 2008.

ESTADÍAS NO ESTRANXEIRO

No [DOG nº 96](#) do luns 21 de maio sae publicada a Orde do 10 de maio de 2007 pola que se conceden axudas a alumnos e profesores de centros do-

centes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países

para favorecer a aprendizaxe activa das linguas.

ACTIVIDADE INVESTIGADORA NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

No [DOG nº 96](#) do luns 21 de maio de 2007 sae publicada a orde do 15 de maio de 2007 pola que se modifica a do 26 de decembro de 2005 pola que se estable-

cen as bases reguladoras do Programa de Promoción da Intensificación da Actividade Investigadora no Sistema Universitario de Galicia, e pola que se convocan

para o curso académico 2006-2007 as axudas do devandito programa.



Plan Galego de Convivencia

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>

SEGUNDA CONVOCATORIA DO PROGRAMA ACÉRCATE

Programa formativo que ten como obxectivo proporcionarlles aos estudantes de bacharelato a oportunidade de entrar en contacto co mundo da investigación. A convocatoria, para todo o Estado, está dirixida ao

alumnado de segundo de bacharelato da modalidade de ciencias da natureza e da saúde. Os alumnos/as seleccionados gozarán dunha beca para desenvolver unha estadia formativa de dúas semanas de dura-

ción no Centro Nacional de Investigaciones Cardiovasculares, en Madrid.

[Máis información.](#)

Plan Valora

<http://www.edu.xunta.es/valora>

PlanValora 